

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 17 DE SETEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de setembro de dous mil sete; as dúas do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Anxo Collarte Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de Setembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.-

Expte: 09/08/2007/3902-CU/260: Vista a solicitude de **Don Guillermo López Carballal**, con domicilio en Francelos, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na rúa Pouso nº 16, Francelos (Referencia Catastral 95.10.2-35), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 13.09.07, que literalmente di:

1. “La ordenación urbanística del Concello de Ribadavia corresponde a las NNSSM, publicadas en el B.O.P. nº 66 de 23 de marzo de 1987, supeditando a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, modificada por la Ley 15/2004, de 29 de diciembre; Ley 6/2007, de 11 de mayo, de medidas urgentes en materia de ordenación del Territorio y del litoral de Galicia, así como disposiciones concurrentes.
2. As NNSSM, sinalan no punto 4.10.2 da **NORMATIVA URBANÍSTICA II PRESCRIPCIÓN S DE ORDENACIÓN S ESPECÍFICAS.**

Sínálase para Francelos como figura de desenvolvemento un PERI como estudio diferenciado.

O seu ámbito territorial sínálase no plano correspondente das NNSSM.

A Ordenanza CU, CONXUNTO URBANO EN CONSERVACIÓN PARCIAL DE CARÁCTER 4.8. A súa consideración será á efectos de fixar criterio do propio elemento de desenvolvemento (PERI) sen dispoñer en forma precisa, de alienacións, rasantes, aproveitamentos, pormenores estéticos por área etc. condicións que corresponderán á figura do PERI, tramitado en forma regulamentaria.

No propio expediente constarán as razóns e situación administrativa do PERI.

3. O “Carácter” aplicable deberá ser na tipoloxía correspondente á edificación adosada en condicións particulares que sinala a Ordenanza C.U. Categoría B (B+I) en concorrencia á 4.8 e sempre supeditada ás disposicións xerais que se concretan nas “Normas de Aplicación Directa”, Art. –104 e seguintes da LOUGA.
4. Coa documentación técnica que se aporte acreditarase a situación particular respecto a colindancias, servidumes e demais circunstancias que inciden sobre a finca.
5. Axuntase co presente informe:
 - a. Plano “Ordenación y Gestión” PERI Francelos, E 1: 500
 - b. Ordenanza C.U., Categoría A
 - c. Plano “Alineaciones” PERI Francelos, E 1: 500
 - d. Plano Situación., E 1: 1.000”.

Expte: RIB/N/85/07: Vista a solicitude de **Dona Maria Rodríguez Regueira**, con domicilio na avda. de Redondela nº 4, 3º H, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na Baixada a Barca nº 10-Alvaro Conqueiro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 14.09.07, que literalmente di:

“As Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais, NNSSPPMM, publicadas nos BOP nº 239, do 16 de outubro de 1986 e nº 66, do 23 de marzo de 1987 e no D.O.G.A. de 19 de xuño de 1991, clasifican a nomeada parcela dentro do Solo Urbano do núcleo de Ribadavia.

Sen embargo a citada normativa de planeamento municipal non se atopa adaptada á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro*, polo que é de aplicación a *Disposición transitoria primeira.- Réxime de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado.*

b) Ó solo urbano dos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nesta para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respectar a ordenación establecida no planeamento vixente.

c) Ao resto do solo urbano e, en todo caso, ao incluído en polígonos, unidades de execución ou de actuación dos municipios con planeamento non adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselles o disposto por esta lei para o solo urbano non-consolidado e poderá executarse de acordo coa ordenación establecida polo planeamento vixente no prazo

de tres anos a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Transcorrido este prazo sen que fose aprobado definitivamente o instrumento de equidistribución, serán de aplicación os límites de edificabilidade establecidos por esta Lei para o solo urbano non-consolidado, sendo o ámbito de referencia para a aplicación desta limitación o polígono ou unidade de execución ou de actuación.

No caso de que os terreos non estean incluídos en polígonos e merezan a condición de solo urbano non-consolidado segundo esta lei, deberá procederse á delimitación do polígono segundo o procedemento establecido polo artigo 117.

Dado que nas inmediacións da parcela, as NNSSPPMM prevén a apertura dun vial novo e a creación de dúas áreas de Espazo Libre, enténdese da necesidade do desenrolo dunha unidade de actuación coa finalidade de reparto de beneficios e cargas, tratándose por tanto de Solo Urbano Non Consolidado; é dicir, a materialización do aproveitamento urbanístico está supeditada o desenrolo da citada unidade de actuación”.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Alejandro Fernández Rios**, con domicilio na rúa Garcia Penedo nº 1, 1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Maria Asunción Alvarez Giraldez**, con domicilio na rúa Extramuros nº 24, 1º esquerda, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Maria Luisa Lazcano Rodríguez**, con domicilio na rúa Alejandro Pedrosa nº 36, 4ºB, Ourense, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Banda Lira nº 4, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Maria Natalia González Fidalgo**, con domicilio na rúa Martínez Vázquez nº 5, 1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Martínez Vázquez nº 5, baixo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Dirección Provincial da Seguridade Social, comunicando a consideración en situación de Incapacidade Permanente en grao TOTAL, a traballadora deste Concello, Doña Caridade Garcia Lamelas”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

FESTIVOS LOCAIS 2008.-

Pola Alcaldía dáse conta do escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 7 de setembro de 2007, no que se comunica ao Concello que debe proceder a elaborar a proposta das dúas festas locais, conforme o previsto no artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores, debendo remitir a mesma á Delegación antes do 20 de setembro do 2007.

Despois da celebración dunha reunión da Xunta de Voceiros do Concello co obxecto de elaborar a correspondente proposta, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda o seguinte:

“Primeiro.- Propoñer a fixación como días festivos locais do día oito de setembro e o día correspondente o Martes de Entroido.

Segundo.- Remitir a proposta a Delegación Provincial da Consellería de Traballo.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo na primeira sesión do Pleno que se celebre.”

ORGANIZACIÓN MOSTRA DE TEATRO INTERNACIONAL 2007.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las facturas relativas a espectáculos teatrais coas compañías seguintes, segundo o teor literal que se acha nos respectivos expedientes: ACCIÓN CREADORA Y EMOCIÓN ESTÉTICA, S.L, “Bouldegom Theatre” y “Ziya Azazi”, días 18 y 24, por importe de 12528 Euros; ASOCIACIÓN

CULTURAL COLLAGE D'ART. "Teatrino dei Piedi", día 24 de Xullo, por importe de 3016 Euros; BARRANCO PROMOCIONES CULTURALES. "Circo Efimero", día 19 de Xullo, por importe de 3828 Euros; CÍA DA TE DANZA, "Tondo redondo", día 20 de Xullo, por importe de 3480 Euros; COMPAÑÍA DE DANZA MAR Y JAVIER S.L. "Tres Viles Vodeviles", día 17 de Xullo, por importe de 4060 Euros; DIS IS PRODUCCIONES S.L. "Bande Déplacée, día 23 de Xullo, por importe de 3886 Euros; EMILIA YAGÜE PRODUCCIONES S.L." Cantando bajo las balas", día 18 de Xullo, por importe de 5800 Euros; LAGARTA LAGARTA S.L. "As últimas lúas", día 20 de Xullo, por importe de 3364 Euros; MAMBRINO S.L. "Cancionero Republicano", día 24 de Xullo, por importe de 9280 Euros; PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L., "Kamikaze", día 17 de Xullo, por importe de 4500 Euros; PRODUCCIONES FARAUTE S.L., día 25 de Xullo, por importe de 6316, 20 Euros; CIRCE PRODUCCIONES TEATRALES S.L. "Aullidos", día 21 de Xullo, por importe de 4900 Euros; SARABELA TEATRO, "Margar no pazo do tempo", día 21 de Xullo, por importe de 3500 Euros; TEATRO EN EL AIRE S.L."La Cama", días 18,19 e 20 de Xullo, por importe de 10904 Euros; TROPICALLO, "Bolboreta", días 20, 21, 22, 23 de Xullo, por importe de 4242 Euros.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.